

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Aprobación inicial de Reaxuste da delimitación do polígono de solo urbano non consolidado UU-R17 do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo. Información pública.

Expediente 2025/U032/000001

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 7 de abril de 2025, acordou aprobar inicialmente o rexuste da delimitación do polígono de solo urbano non consolidado UU-R17 do PXOM de Carballo, segundo o proxecto presentado o 19 de marzo de 2025, núm. de rexistro de entrada 202599900001601 e completado cos planos presentados o 21/03/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900001648.

O que se somete a información pública por un prazo dun (1) mes, en cumprimento do disposto no artigo 106 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 243 do regulamento da mesma lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

Así mesmo, notificaráselles individualmente o acordo de aprobación inicial a todos os propietarios afectados.

Este anuncio serve de notificación para as parcelas con titulares catastrais descoñecidos ou para aqueles titulares que se descoñece o seu enderezo.

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 ás 12.30 horas e neste taboleiro.

En Carballo, 9 de abril de 2025

Evencio Ferrero Rodríguez
Alcalde